

BANDO INFORMATIVO

SOLICITUDE DO PROGRAMA DE TALASOTERAPIA 2019

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso

INFORMA:

Da apertura do prazo para a solicitude de prazas de Talasoterapia.

CONTIDO: Ofertar **prazas** para as estadias e os tratamentos dentro do programa de Benestar a través de talasoterapia 2019. Enténdese por talasoterapia o método terapéutico que se basea na utilización do medio mariño (auga de mar, algas, barro e outras sustancias extraídas do mar) e do clima como axente terapéutico.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa.
- Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos de talasoterapia.
- Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos talasos e queda solicitada.

A persoa solicitante poderá ir acompañada:

- O súa parella sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do punto primeiro.
-) Dun fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %,
- Unha persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos citados no apartado 1.

MAIS INFORMACIÓN: Orde do 25 de marzo de 2019 pola que se regula a oferta de prazas para as estadias e o tratamento dentro do programa de Benestar a través de talasoterapia 2019 e se realiza a súa convocatoria. (DOG nº 64 do 2/4/2019)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: O prazo de presentación de solicitudes será estar aberto ata o día 2 de maio de 2019

LUGAR DE INFORMACIÓN E PRESENTACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro, telf: 981688950 con cita previa
Oroso, 12 de abril de 2019

O alcalde, Manuel Mirás Franqueira

